

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0485	Programación	2021/2022	9	240	288

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN JESÚS PAZOS GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tradicionalmente, o alumnado que se matricula dos ciclos formativos é consciente de que os ensinamentos que vai recibir están moi ligados a unha contorna laboral, e que o obxectivo principal dos ciclos formativos é formar traballadores nun campo específico. Ao tratarse de ensinamentos dedicados á informática, os alumnos teñen claro que o traballo fundamentalmente desenvólvese con computadores, aínda que desgraciadamente asocian os contidos coa ofimática, en lugar da informática.

O grupo de 1º de DAW adoita ser un grupo heteroxéneo, con alumnos procedentes do bacharelato, dun ciclo formativo de grao medio ou ben doutro ciclo formativo superior. Independentemente da forma de acceso, todos eles mostran interese pola informática e polas posibilidades laborais que ofrecen, aínda que algúns alumnos teñen máis problemas para seguir as materias que outros, segundo a súa forma de acceso. Os alumnos procedentes do bacharelato de ciencias adoitan posuír unha mentalidade máis lóxica, os de letras unha maior capacidade de síntese, os procedentes do ciclo formativo de grao medio e superior unha mellor comprensión de termos técnicos. Por todo iso o grupo de 1º de DAW é proclive a desenvolver grupos de alumnos con distintos niveis de comprensión para os que é necesario adecuar distintos tipos de metodoloxías.

O módulo de Programación é un módulo teórico-práctico, onde se establecen as bases para a creación de aplicacións. Os alumnos poden atopar este módulo bastante abstracto durante algunhas unidades de traballo, dado que é difícil atopar aplicacións prácticas a algúns dos conceptos que se deben explicar. É por iso polo que se espera que atopen certas dificultades no caso de que se consiga abstraer a información importante do módulo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Identificación dos elementos dun programa informático	Algoritmos e programas, elementos da linguaxe, entornos de desenvolvemento, Librerías.	40	12
2	Uso de estruturas de control	Operadores. Condicionais. Selección	50	15
3	Aplicación das estruturas de almacenamento.	Coleccións, Arrays, listas, pilas e colas. Estructuras. Cadeas.	34	12
4	Uso de Obxetos	Características, tipos. Atributos e Métodos. Constructores.	40	15
5	Desenvolvemento de clases	Estructura, membros, propiedades, herdanza, empaquetado.	34	13
6	Utilización avanzada clases	Xerarquia. Superclases e subclases. Sobrecarga.	30	15
7	Lectura e escritura de información	Tipos de fluxos, entrada-saída. Ficheiros. Interfaces. Eventos	30	10
8	Mantemento da persistencia dos obxetos.	BD orientadas a obxetos. Linguaxes consulta. Manipulación	30	8

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Identificación dos elementos dun programa informático	40

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a estrutura dun programa informático, para o que identifica e relaciona os elementos propios da linguaxe de programación utilizada.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os bloques que compoñen a estrutura dun programa informático.
CA1.2 Créanse proxectos de desenvolvemento de aplicacións.
CA1.3 Utilízanse contornos integrados de desenvolvemento.
CA1.4 Identifícanse os tipos de variables e as súas utilidades específicas.
CA1.5 Modifícase o código dun programa para crear e utilizar variables.
CA1.6 Créanse e utilízanse constantes e literais.
CA1.7 Clasifícanse, recoñécense e utilízanse en expresións os operadores da linguaxe.
CA1.8 Compróbase o funcionamento das conversións de tipo explícitas e implícitas.
CA1.9 Introdúcense comentarios no código

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Contornos integrados de desenvolvemento.
0Expresións aritméticas.
Asignacións.
Conversións de tipo.
Comentarios.
Librarias de funcións.
Funcións de usuario
Estruturas e bloques fundamentais.
Identificadores.
Palabras reservadas.

**Contidos**

Tipos de datos primitivos.

Variables.

Literais.

Constantes.

Operadores aritméticos.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Uso de estruturas de control	50

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Escribe e depura código, para o que analiza e utiliza as estruturas de control da linguaxe.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Escríbese e probouse código que faga uso de estruturas de selección.
CA3.2 Utilizáronse estruturas de repetición.
CA3.3 Recoñecéronse as posibilidades das sentenzas de salto.
CA3.4 Escríbese código utilizando control de excepcións.
CA3.5 Creáronse programas executables utilizando diversas estruturas de control.
CA3.6 Probáronse e depuráronse os programas.
CA3.7 Comentouse e documentouse o código.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Operadores de relación e lóxicos.
Condições simples e múltiples.
Estruturas condicionais.
Bloques de instrucións.
Estruturas de repetición.
Instrucións de salto: erros e excepcións.
Categorías de excepcións.
Control de excepcións. Declaración e lanzamento.
Proba, depuración e documentación de programas.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aplicación das estruturas de almacenamento.	34

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Escribe programas que manipulen información, para o que selecciona e utiliza tipos avanzados de datos.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Escríbíronse programas que utilicen arrays.
CA6.2 Recoñécéronse as librarías de clases relacionadas con tipos de datos avanzados.
CA6.3 Utilizáronse listas para almacenar e procesar información.
CA6.4 Utilizáronse iteradores para recorrer os elementos das listas.
CA6.5 Recoñécéronse as características e as vantaxes de cada colección de datos dispoñible.
CA6.6 Creáronse clases e métodos xenéricos.
CA6.7 Utilizáronse expresións regulares na procura de patróns en cadeas de texto.
CA6.8 Identificáronse as clases relacionadas co tratamento de documentos XML.
CA6.9 Realizáronse programas que realicen manipulacións sobre documentos XML.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Coleccións.
0 Librarías de clases relacionadas con XML.
Definición de coleccións.
Tipos de coleccións habituais: arrays e listas.
Enumeradores.
Arrays multidimensionais.
Operacións con arrays: inicialización, inserción, borrado e ordenación.
Listas, pilas e colas.
Estruturas.
Cadeas de caracteres.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Uso de Obxectos	40

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Escribe e proba programas sinxelos, para o que recoñece e aplica os fundamentos da programación orientada a obxectos.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os fundamentos da programación orientada a obxectos.
CA2.2 Escríbense programas simples.
CA2.3 Instanciáronse obxectos a partir de clases predefinidas.
CA2.4 Utilizáronse métodos e propiedades dos obxectos.
CA2.5 Escríbense chamadas a métodos estáticos.
CA2.6 Utilizáronse parámetros na chamada a métodos.
CA2.7 Incorporáronse e utilizáronse librerías de obxectos.
CA2.8 Utilizáronse construtores.
CA2.9 Utilizouse o contorno integrado de desenvolvemento na creación e na compilación de programas simples.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Obxectos: atributos e comportamento.
0Construtores.
Librerías de obxectos.
Destrución de obxectos e liberación de memoria.
Características dos obxectos. Tipos de atributos: propiedades.
Instanciación de obxectos.
Estado dun obxecto.
Comportamento dos obxectos: métodos.
Argumentos dun método. Valores devoltos.
Chamada aos métodos: mensaxes. Operador punto.
Identificador de obxecto actual.





**Contidos**

Uso de métodos, de propiedades e de métodos estáticos.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Desenvolvemento de clases	34

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Desenvolve programas organizados en clases, para o que analiza e aplica os principios da programación orientada a obxectos.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a sintaxe, a estrutura e os compoñentes típicos dunha clase.
CA4.2 Defínense clases.
CA4.3 Defínense propiedades e métodos.
CA4.4 Defínense construtores.
CA4.5 Desenvólvense programas que instancien e utilicen obxectos das clases creadas anteriormente.
CA4.6 Utilizáronse mecanismos para controlar a visibilidade das clases e dos seus membros.
CA4.7 Defínense e utilizáronse clases herdadas.
CA4.8 Defínense e utilizáronse métodos estáticos.
CA4.9 Defínense e utilizáronse interfaces.
CA4.10 Defínense e utilizáronse conxuntos e librerías de clases.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Concepto de clase.
Estrutura e membros dunha clase.
Tipos de atributos, métodos e construtores.
Constantes de clase.
Modificadores de acceso a propiedades e métodos: visibilidade e encapsulación.
Herdanza.
Atributos e métodos estáticos.
Interfaces: definición e implementación.
Empaquetaxe de clases.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Utilización avanzada clases	30

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Desenvolve programas aplicando características avanzadas das linguaxes orientadas a obxectos e do contorno de programación.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse os conceptos de herdanza, superclase e subclase.
CA7.2 Utilizáronse modificadores para bloquear e forzar a herdanza de clases e métodos.
CA7.3 Recoñeceuse a incidencia dos construtores na herdanza.
CA7.4 Créanse clases herdadas que sobrescriban a implementación de métodos da superclase.
CA7.5 Deseñáronse e aplicáronse xerarquías de clases.
CA7.6 Probáronse e depuráronse as xerarquías de clases.
CA7.7 Realizáronse programas que implementen e utilicen xerarquías de clases.
CA7.8 Comentouse e documentado o código.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Xerarquía de clases.
Tipos de xerarquía: xeneralización e especialización; todo-parte.
Composición de clases.
Superclases e subclases.
Clases e métodos abstractos e finais.
Sobrescritura e sobrecarga de métodos.
Ligadura dinámica.
Polimorfismo.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Lectura e escritura de información	30

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de entrada e saída de información, utilizando procedementos específicos da linguaxe e librerías de clases.	SI

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Utilizouse a consola para realizar operacións de entrada e saída de información.
CA5.2 Aplicáronse formatos na visualización da información.
CA5.3 Recoñecéronse as posibilidades de entrada e saída da linguaxe, e as librerías asociadas.
CA5.4 Utilizáronse ficheiros para almacenar e recuperar información.
CA5.5 Creáronse programas que utilicen diversos métodos de acceso ao contido dos ficheiros.
CA5.6 Utilizáronse as ferramentas do contorno de desenvolvemento para crear interfaces gráficas de usuario simples.
CA5.7 Programáronse controladores de eventos.
CA5.8 Escribíronse programas que utilicen interfaces gráficas para a entrada e saída de información.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Tipos de fluxos: de bytes e de caracteres.
Creación e eliminación de ficheiros e directorios.
Interfaces gráficas de usuario.
Concepto de evento.
Xestión de eventos.
Creación de controladores de eventos
Clases relativas a fluxos.
Uso de fluxos.
Entrada desde teclado.
Saída a pantalla.
Ficheiros de datos. Rexistros.
Apertura e pechamento de ficheiros. Modos de acceso.

**Contidos**

Escritura e lectura de información en ficheiros.

Uso dos sistemas de ficheiros.

#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Mantemento da persistencia dos obxectos.	30

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Utiliza bases de datos orientadas a obxectos e analiza as súas características, aplicando técnicas para manter a persistencia da información.	SI
RA9 - Xestiona información almacenada en bases de datos relacionais, mantendo a integridade e a consistencia dos datos.	SI

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Identifícanse as características das bases de datos orientadas a obxectos.
CA8.2 Analízase a súa aplicación no desenvolvemento de aplicacións mediante linguaxes orientadas a obxectos.
CA8.3 Instálanse sistemas xestores de bases de datos orientados a obxectos.
CA8.4 Clasifícanse e analízanse os métodos soportados polos sistemas xestores para a xestión da información almacenada.
CA8.5 Créanse bases de datos e as estruturas necesarias para o almacenamento de obxectos.
CA8.6 Programáanse aplicacións que almacenen obxectos nas bases de datos creadas.
CA8.7 Realízanse programas para recuperar, actualizar e eliminar obxectos das bases de datos.
CA8.8 Realízanse programas para almacenar e xestionar tipos de datos estruturados, compostos e relacionados.
CA9.1 Identifícanse as características e os métodos de acceso a sistemas xestores de bases de datos relacionais.
CA9.2 Programáanse conexións con bases de datos.
CA9.3 Escríbese código para almacenar información en bases de datos.
CA9.4 Créanse programas para recuperar e amosar información almacenada en bases de datos.
CA9.5 Efectúanse borrados e modificacións sobre a información almacenada.
CA9.6 Créanse aplicacións que executen consultas sobre bases de datos.
CA9.7 Créanse aplicacións para posibilitar a xestión de información presente en bases de datos relacionais.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Bases de datos orientadas a obxectos.
Características das bases de datos orientadas a obxectos.
Instalación do xestor de bases de datos.

**Contidos**

Creación de bases de datos.

Mecanismos de consulta.

Linguaxe de consultas: sintaxe, expresións e operadores.

Recuperación, modificación e borrado de obxectos da base de datos.

Almacenamento de tipos de datos estruturados, compostos e relacionados.

Establecemento de conexións.

Recuperación e manipulación de información.

Execución de consultas sobre a base de datos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

En principio, a avaliación do alumnado será continua, e haberase de ter en conta o grao de consecución dos obxectivos específicos deste módulo. Durante o desenvolvemento das clases, procederase á observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe de cada alumno co fin de avaliar o progreso do mesmo en relación ao grao de consecución dos obxectivos xerais descritos no currículo do ciclo formativo.

Para acadar unha cualificación o máis obxectiva posible, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

A realización, presentación (dentro do prazo previsto) e exposición (no seu caso), das tarefas encomendadas debidamente documentadas. Farase unha recollida puntual de exercicios e realizaranse probas puntuais para obter información sobre capacidades ou destrezas concretas como se describe nas unidades didácticas correspondentes.

Valorarase a capacidade para resolver problemas sobre o ordenador; a facilidade de acceso ós manuais técnicos, bibliografía e utilidades de software dispoñible; así como o interese, esforzo persoal e responsabilidade de cada quen.

Probas individuais sobre os coñecementos teórico-prácticos, que permitirán determinar se un alumno alcanzou os obxectivos específicos propostos no deseño curricular do módulo e desenvolvidas nesta programación.

Sen previo aviso poderanse recoller algunhas das tarefas que se desenvolven na clase para valorar o grao de consecución dos obxectivos de cada un dos alumnos.

O longo de cada avaliación faranse probas (que poden ser escritas e/ou prácticas), o ben por unidade didáctica ou ben por bloque de contidos, de xeito que se poida facer un seguimento individualizado da asimilación de tódolos conceptos impartidos según os criterios de avaliación establecidos en cada unidade didáctica ata o momento impartida e o grao de consecución dos obxectivos do módulo.

Antes de cada avaliación pódese realizar unha proba global que permita valorar o grao de integración de coñecementos que acadou cada un dos alumnos.

Nas probas valorarase principalmente a sinxeleza, claridade e, comprensión dos procedementos asociados.

Para a superación do módulo é condición ter superadas todas as UD cunha nota de 5 ou maior. No caso de ter unha nota inferior a cinco nalgunha UD a máxima nota do módulo será un 4, debendo recuperar as UD's non superadas na avaliación extraordinaria. Unha vez superadas toas as UD a cualificación da avaliación será a media aritmética das notas obtidas nas probas (si é unha proba de recuperación terá un peso do 80%), valorándose ademais tódolos aspectos arriba indicados de acordo cos seguintes porcentaxes:

un 80% da nota será a nota media obtida nas probas.

20% restante será consecuencia do traballo diario na clase así como a realización dos exercicios propostos.

\*En caso de semipresencialidade ou totalmente non presencial os criterios serán os mesmos tendo en conta só os mínimos exigibles. Dado que este módulo se imparte empregando aula virtual a única diferenza sería que as clases se impartirían por WEBEX (plataforma empregada na xunta).

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación ó longo do curso:

Ditas actividades desenvolveranse para cada unidade didáctica co alumno ou alumna non supere, buscando sempre co alumna ou alumna recuperar cando antes a unidade de traballo. Para isto, se desenvolverán exercicios e explicacións personalizadas, así como avaliacións iniciais máis afinadas que permitan detectar as posibles causas da non superación da unidade de traballo e así axustalos procesos de ensino-aprendizaxe.

Antes do remate de cada trimestre farase unha proba ou probas de recuperación de natureza práctica ou escrita dos contidos das unidades didácticas desenvolvidos pendentes de superar. O alumno deberá superar cunha cualificación superior a 5 tódalas probas de recuperación realizadas. Neste caso, a nota final será a media das notas correspondentes a cada proba. Si a proba é de recuperación, esta terá un peso na nota final de un 80%. Para os alumnos que non consigan superala, terá lugar durante o mes de xuño unha proba extraordinaria de características similares á anterior a modo de recuperación.

Ditas probas de recuperación incluírán todas as unidades didácticas pendentes de recuperar.



Recuperación dun módulo pendente:

Aos alumnos que non superen o módulo na convocatoria ordinaria facilitaráselles actividades para reforzar aquelas partes do módulo que máis lles costa assimilar. Para comprobar que acadaron os obxectivos do módulo, farase unha proba escrita de recuperación que englobe os contidos máis importantes desenvolvidos ao longo do curso

O alumno deberá superar cunha cualificación superior a 5 todas as partes nas que se divida este exame (unha por cada unidade didáctica ou bloque de contidos que se indicará no examen).

A nota final será a media das notas correspondentes a cada unidade ou bloque de contidos.

\*En caso de semipresencialidade ou totalmente non presencial os criterios serán os mesmos tendo en conta só os mínimos exisibles. Dado que este módulo se imparte empregando aula virtual a única diferenza sería que as clases de recuperación se impartirían por WEBEX (plataforma empregada na xunta).

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Os alumnos que falten máis dun 10% das horas totais do módulo perderán o dereito á avaliación continua. Para superar o módulo, deberán someterse a unha proba final ao final do ciclo.

Esta proba estará dividida en distintas partes (unha por cada unidade didáctica), cada unha delas poderá ter á súa vez outras partes, de forma que o alumnado deberá sacar como mínimo un 5 en cada unha delas.

A cualificación final do módulo resultará da media aritmética entre todas as partes no caso de telas superadas todas.

Esta proba poderá realizarse en varios días debido a imposibilidade de realízalas nun mesmo día.

\*En caso de semipresencialidade ou totalmente non presencial os criterios serán os mesmos tendo en conta só os mínimos exisibles. Neste caso as probas realizaranse na aula virtual.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O finalizar cada unidade didáctica, o profesor realizará unha reflexión do proceso de ensino- aprendizaxe de dita unidade co a finalidade de recoller, revisar e analizar o desenrolo de dito proceso, os logros e debilidades dos resultados obtidos a través das distintas fontes e instrumentos de avaliación (observacións, diarios, cuestionario, probas de rendemento, etc..) utilizados en cada unidade didáctica. Segundo estes resultados, revisarase a programación didáctica e faranse as correccións necesarias, se é o caso, nas actividades de ensino e aprendizaxe, nos materiais, nos recursos necesarios para a súa realización e nos instrumentos de avaliación para así mellorar o proceso de ensino de cada alumno, os rendementos de estes, o funcionamento do grupo de clase e a propia práctica docente do profesor.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

O comezo do curso realizarase a avaliación inicial para avaliar os coñecementos previos que os alumnos podan ter desta materia a fin de adecuar estratéxicamente o proceso de ensino-aprendizaxe, inda que ao tratarse dun módulo de primeiro curso a maior parte dos alumnos non teñen coñecementos previos na materia. Se é necesario introduciranse adaptacións na programación do módulo, una vez coñecida a realidade dos alumnos e valorase a necesidade de adoptar outro tipo de medidas para unha mellor atención á diversidade.

O instrumento de avaliación inicial estará baseado na experiencia profesional do profesor e terá carácter principalmente de tipo observacional que mediante as actividades propostas durante as primeiras semanas do inicio curso, comportamentos e actitudes permiten obter unha fonte de datos,

para o seu posterior análises e toma de decisións respecto á diversidade que puidera aparecer.

A finais do primeiro mes reuniranse os profesores do equipo docente do curso coa finalidade de describir a situación inicial, deducir as necesidades que aparecen, realizar propostas e tomar decisións conxuntas en torno a un alumno o a un grupo.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

As medidas de reforzo educativo constitúen un continuo de atención á diversidade. Para elo, planificaranse actividades extra para aqueles alumnos aos que lles custe especialmente a consecución dalgún dos obxectivos do módulo.

Favorecerase a colaboración entre compañeiros para axudar a comprender distintos puntos de vista e reforzar o explicado na aula.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Esta programación ten presente que os obxectivos esenciais da educación actual non se limitan á formación profesional ou cultural do seu alumnado, si non que hai que incluír, ádemas, a formación cívico-ética dos alumnos e as alumnas en todos aqueles valores ós que aspira a sociedade.

Entre os temas transversais para o desenrolo da Educación en Valores encóntranse, entre outros:

Cofecemento e respecto pola normativa TIC legal vixente; en especial a Lei de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD)

Aprendizaxe permanente ó longo da vida.

Explicar ó alumnado a importancia que ten o movemento de *¿Software Libre¿* no desenvolvemento da súa carreira profesional, o contorno produtivo de Galicia e as súas implicacións sociais.

Na educación Moral e Cívica: Promover a actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre os alumnos e nas actividades en grupo e rexeitar calquer tipo de discriminación baseada en diferenza de sexos, raza, clase, social, ideoloxías, etc.

Na Educación para a Paz: Fomentar o respecto polas opinións e crenzas doutras persoas.

Na Educación para a Saúde: Potenciar hábitos de hixiene e coidado corporal e recoñecer e seguir as normas de seguridade das diferentes aulas para evitar accidentes.

Na Educación para a Igualdade: Rexeitar calquer plantexamento e actitudes sexistas, promovendo o desenrolo persoal, equilibrado e cooperativo de tódolos os alumnos.

Na Educación Ambiental: Concienciar dos problemas medioambientales producidos polo material informático en desuso e promover hábitos de reutilización e reciclaxe nos materiais empregados.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Non está prevista ningunha actividade complementaria.

No caso de que ao longo do curso se celebre algunha conferencia relacionada co módulo nalgunha poboación cercana, valorarase a posibilidade de asistir a esta.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) Ubicación da programación**

A programación estará a disposición dos alumnos en conserxería.